

## Concello de Monforte de Lemos

### ACTA

Expediente nº	Órgano Colegiado
PLN/2025/11	O Pleno
DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN	

**Tipo Convocatoria:**

Extraordinaria

**Fecha:**

10 de decembro de 2025

**Duración:**

Desde las 20:00 hasta las 20:13

**Lugar:**

Salón de Plenos

**Presidida por:**

JOSÉ TOMÉ ROCA

**Secretario:**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	JOSÉ TÓME ROCA	SÍ
	GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ	SÍ
	IBÁN TORRES RODRÍGUEZ	SÍ
	MARIA DEL PILAR ESPINOSA NOVELLE	SÍ
	JOSE LUIS LOSADA FERNÁNDEZ	SÍ
	MARINA MARIA DOUTÓN RAJO	SÍ
	JOSE MANUEL MOUGAN SOBREDO	SÍ
	REGINA LOPEZ ARIAS	SÍ
	GUILLERMO RODRÍGUEZ ARIAS	SÍ
	MARGARITA LÓPEZ RODRÍGUEZ	SÍ
	KATHERINE VARELA FERNÁNDEZ	SÍ
	JOSE LUIS RODRÍGUEZ VARELA	SÍ



## Concello de Monforte de Lemos

	MARIA LUISA VAZQUEZ LÓPEZ	SÍ
	EMILIO IVAN VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	SÍ
	EMILIO JOSÉ SÁNCHEZ IGLESIAS	SÍ
	MANUEL LUACES FERNÁNDEZ	SÍ
	JAIME GERMÁN VÁZQUEZ PÉREZ	SÍ
	MARÍA INMACULADA BUJÁN ARIAS	SÍ

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
<b>Expediente 13744/2025. APROBACIÓN DO DECRETO REMITIDO POLA FEGAMP DO TRASPASO Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DOS SERVIZOS E MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS AFECTOS DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o informe do Secretario Xeral de data 28 de novembro do 2025 que sinala:

*ASUNTO: Traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada pola unidade asistencial de atención a drogodependencias, de titularidade do Concello de Monforte de Lemos.*

*En relación co asunto de referencia e de acordo co disposto no borrador de Decreto, remitido pola FEGAMP, procede informar:*

*1º.- O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 33.un e catro que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior e que poderá organizar e administrar, para tales fins e dentro do seu territorio, todos os servizos relacionados coas materias antes expresadas e que exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de sanidade e seguridade social.*

*2º.- Por outra parte, a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece no seu art. 4 que "tanto o Estado como as comunidades autónomas e as demais administracións públicas competentes organizarán e desenvolverán todas as accións sanitarias á que se*



## Concello de Monforte de Lemos

*refire este título dentro dunha concepción integral do sistema sanitario e continúa sinalando, no seu art. 50 que “*

*as comunidades autónomas crearán os seus servizos de saúde dentro do marco desta lei e dos seus respectivos estatutos de autonomía”.*

*Engade o art. 50 que en cada Comunidade Autónoma constituirase un servizo de saúde integrado por todos os centros, servizos e establecementos da propia comunidade, deputacións, concellos e calquera outras administracións territoriais intracomunitarias que estará xestionado, como se establece nos artigos seguintes, baixo a responsabilidade da respectiva comunidade autónoma”.*

*3º.- A disposición transitoria primeira.1 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece que “as corporacións locais que na actualidade dispoñen de servizos e establecementos sanitarios que leven a cabo actuacións que na presente lei se adscriban aos servizos de saúde das comunidades autónomas establecerán, de mutuo acordo cos gobernos das comunidades autónomas, un proceso de transferencias daqueles”.*

*4º.- O Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, incluíu o tratamento das condutas aditivas dentro da atención á saúde mental.*

*5º.- A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia recolle unha nova configuración do concepto de saúde e das prestacións sanitarias previstas no sistema público de saúde de Galicia para a súa protección, encadrándose nestas as prestacións de saúde pública, de atención primaria, de atención hospitalaria, de atención sociosanitaria, de atención de urxencias, farmacéutica, de atención ortoprotésica, de produtos dietéticos e de transporte sanitario. A saúde mental e a atención ás drogodependencias son incorporadas dentro da asistencia como calquera outro aspecto de saúde, deixando de ser consideradas como prestacións sanitarias independentes.*

*6º.- O artigo 32.10 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia establece como un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia “a integración funcional de todos os recursos sanitarios públicos, apostando por fórmulas de colaboración en lugar de fórmulas competitivas”.*



## Concello de Monforte de Lemos

7º.- O artigo 93.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, determina que “integran o Servizo Galego de Saúde os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Administración da Xunta de Galicia ou procedentes de transferencias, así como as entidades sanitarias de natureza pública que se lle adscriban”.

8º.- O artigo 108.2.c) da Lei 8/2008, do 10 de xullo inclúe no concepto de empregado público da saúde “o persoal transferido, calquera que sexa o réxime xurídico de dependencia, laboral, funcionario ou estatutario, doutras administracións públicas, con ocasión do traspaso e/ou da asunción das competencias, dos medios e dos servizos na materia de asistencia sanitaria”.

9º.- As unidades asistenciais de drogodependencias (UADs) reguláronse inicialmente por Orde da Consellería de Sanidade, do 7 de xullo de 1988, sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitario-asistenciais de tratamento das drogodependencias, atribuíndolle o seu artigo 2 a condición de centro-establecemento sanitario asistencial, dispón que:

“Aos efectos desta orde consideraranse como unidades, centros, servizos ou establecementos sanitario-asistenciais de tratamento das drogodependencias:

a) As unidades asistenciais de drogodependencias (UAD), que as define como centros ou servizos de tratamento ambulatorio (desintoxicación e deshabitación) das drogodependencias que, dependendo ou non dun hospital desenvolvan calquera tipo de actividade terapéutica nun paciente consumidor de drogas e/ou drogodependente.

10º.- O artigo 16 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, en canto á asistencia e reinserción das persoas afectadas polo consumo de drogas, establece que “os poderes públicos da Comunidade Autónoma galega deben garantir, nas mesmas condicións que ao resto da poboación, o proceso de atención ao drogodependente nos servizos sanitarios e sociais, respectando os dereitos e obrigas que establece a normativa básica e autonómica sobre a materia”.



## Concello de Monforte de Lemos

11º.- A Orde da Consellería de Sanidade do 12 de marzo de 2007, pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde, o desenvolvemento dos seus programas de intervención dispuxo que pasasen a depender funcionalmente do responsable de saúde mental da área sanitaria correspondente.

12º.- En canto o alcance do traspaso o acordo da Comisión Mixta en sesión celebrada o día 9 d eoutubro de 2025, estableceu as condicións do traspaso do xeito, seguinte:

### a) Persoal que se traspasa

- É obxecto de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto ao Servizo Galego de Saúde, o persoal funcionario de carreira e laboral fixo pertencente a categorías sanitarias adscrito ás Unidades Asistenciais de Atención a Drogodependencias de titularidade municipal así como o que reunindo a mesma condición de fixeza pertenza a categorías de persoal non sanitario, sempre que neste último suposto desenvolva, a xornada completa, as tarefas propias do seu vínculo na Unidade Asistencial de Atención a Drogodependencias que son os que se relacionan no Anexo I.

- O traspaso dos medios persoais axustarase en todo caso ao establecido no Decreto 447/1996, de 26 de decembro, pola que se establecen as bases para a homologación e integración funcional do persoal transferido á Xunta de Galicia dos centros sanitarios das corporacións locais, de persoal pertencente ao Servizo Galego de Saúde con vínculo xurídico funcional dos corpos e escalas da Administración especial sanitaria e corpos xerais e doutro persoal con vínculo laboral fixo, sendo respectados os dereitos do persoal obxecto de traspaso, que se incorporará ao cadro orzamentario do Servizo Galego de Saúde nas condicións laborais e retributivas que teña acreditadas na data de sinatura do acordo de traspaso.

### b) Postos de traballo vacantes que se traspasan

- Os postos de traballo vacantes dotados orzamentariamente que se traspasan son os que se detallan no Anexo II deste acordo, con indicación do grupo e categoría profesional.



## Concello de Monforte de Lemos

- *O persoal que na data de efectividade do traspaso manteña activo un vínculo temporal para a substitución dun/ha profesional incluído/a no Anexo I, permanecerá no desenvolvemento das súas funcións ata a incorporación do persoal substituído ou ata que este perda o seu dereito á reserva de praza ou, de ser o caso, ata a finalización do prazo establecido no contrato laboral ou nomeamento que se tivera formalizado, de ter fixado un prazo de vixencia anterior.*
- *No suposto de que, logo da autorización da comisión de seguimento, prevista no apartado H) se produza minoración de efectivos, procederase á publicación dunha nova relación de postos vacantes e dotados orzamentariamente.*

### c) Bens inmobles obxecto de traspaso

- *As Unidades Asistenciais de Atención a Drogodependencias de titularidade municipal que se traspasan atópanse situadas nos inmobles que se detallan no Anexo III.*
- *Os bens inmobles de titularidade municipal ou doutra entidade pública distinta ao Servizo Galego de Saúde, nos que se sitúan as Unidades Asistenciais de Atención a Drogodependencias seguirán pertencendo ao patrimonio daquelas a todos os efectos, sen prexuízo da posta a disposición do seu uso ao Servizo Galego de Saúde a través da formalización do documento administrativo que corresponda de conformidade coa normativa en materia de patrimonio das Administracións Públicas.*
- *O Servizo Galego de Saúde asumirá os custos de subministración, conservación e mantemento destas instalacións, nos termos e condicións que se detallarán no documento administrativo de posta a disposición do seu uso a favor do Servizo Galego de Saúde, que se formalice con cada entidade titular.*

### d) Contratos vixentes formalizados polas corporacións municipais e vinculados directamente co funcionamento das Unidades Asistenciais de Atención a Drogodependencias

- *O Servizo Galego de Saúde asumirá, a través das figuras xurídicas que corresponda, aqueles contratos ou instrumentos de natureza semellante formalizados polas distintas corporacións municipais con anterioridade ao presente acordo, sempre e cando garden unha íntima conexión co obxecto do traspaso e sexan necesarios para garantir a continuidade dos servizos prestados polas Unidades Asistenciais de Atención a Drogodependencias. Tales contratos figuran relacionados no Anexo IV.*



## Concello de Monforte de Lemos

### e) Outros bens materiais obxecto de traspaso

- *Constitúe tamén obxecto de traspaso o inmovilizado material e inmovilizado intanxible que na data de aprobación do presente acordo pertencese ou estivese a disposición das distintas Unidades Asistenciais de Atención a Drogodependencias, o cal consta relacionado no inventario que se recolle como Anexo V.*

### f) Documentación e expedientes dos servizos que se traspasan

- *A entrega da documentación e expedientes correspondentes aos servizos e medios persoais traspasados realizarase na data de sinatura do acordo de traspaso.*

- *Con carácter excepcional, unicamente respecto daquela documentación que pola súa natureza ou data de xeración non puidera ser achegada na data sinalada, poderá remitirse nun momento posterior, comprendido en todo caso nos quince días seguintes á entrada en vigor do decreto de traspaso.*

### g) Comisión de seguimento

- *Constituirase unha comisión paritaria de seguimento á que corresponderá a interpretación e a solución de cantas dúbidas e cuestións puideran derivarse do acordado, asegurar a continuidade das operacións administrativas e garantir un traspaso ordenado dos servizos e medios sinalados nos apartados precedentes.*

- *Esta comisión estará formada por cinco persoas designadas pola Federación Galega de Municipios e Provinciais (FEGAMP) e cinco persoas designadas pola Xunta de Galicia, a proposta da consellería de Sanidade.*

- *As sesións da Comisión poderán contar coa asistencia e participación con voz dun representante de cada unha das Corporacións Locais correspondentes ás unidades obxecto de traspaso, se o estiman de interese. Con tal fin, notificarase a cada Concello a convocatoria coa orde do día de cada unha das sesións, sen prexuízo ademais de poder solicitar os Concellos, a través da FEGAMP, a súa convocatoria.*

- *A comisión de seguimento realizará, nun prazo non superior a seis meses, a revisión*



## Concello de Monforte de Lemos

*e modificación das relacións adxuntas no caso de que fose necesario.*

*13º.- O Artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que:*

*Terminación convencional.*

*1. As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou inserirse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin.*

*14º.- O art. 47.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que:*

*2. Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción de acordos nas seguintes materias:*

*h) Transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei impóñanse obrigatoriamente.*

*15º.- O art. 54 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispón que:*

*1. Será necesario o informe previo do Secretario, e, ademais, no seu caso, do Interventor ou de quen legalmente lles substitúan, para a adopción dos seguintes acordos:*

.....



## Concello de Monforte de Lemos

*b) Sempre que se trate de asuntos sobre materias para as que se esixa unha maioría especial.*

### CONCLUSIÓN

*PRIMEIRA.- Infórmase favorablemente o Borrador do Decreto polo que se dispón o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidad Asistencial de atención a drogodependencias, de titularidade do Concello de Monforte de Lemos.*

*SEGUNDA.- O órgano competente para adopción do acordo é o Pleno do Concello de Monforte de Lemos.*

*TERCEIRA.- Para a adopción do acordo é preciso o voto favorable da maioría absoluta dos/das membros da Corporación.*

*É canto procede informar.”*

Vista a proposta de resolución PR/2025/7193 de 28 de novembro de 2025.

### **Resolución:**

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Primeiro.- Prestar aprobación ao borrador do decreto en todos os seus termos remitido pola Federación Española de Municipios e Provincias

Segundo.- Remitir o expediente do borrador do decreto de integración xunto cos certificados I, II, III, IV e V á Federación Española de Municipios e Provincias.

### *Intervencións*

[https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/  
CpiUoILgRMXUCgHxGV3EoqzInJEMqpYzkoqNYCNBUh5IK11V](https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/CpiUoILgRMXUCgHxGV3EoqzInJEMqpYzkoqNYCNBUh5IK11V)

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Monforte de Lemos**

PRAZA Campo de San Antonio S/N, Monforte de Lemos. 27400 (Lugo). Tfno. 982402501. Fax: 982411081

